

# **PROGRAMACIÓN DO**

## **DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**2007/2008**

## **PLAN DE ORIENTACIÓN**

### **1-INTRODUCCIÓN (MARCO LEXISLATIVO)**

### **2-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO**

2.1-O noso centro

2.2-O Departamento de Orientación

2.3-A poboación escolar

2.4-Análise das necesidades

### **3-OBXECTIVOS XERAIS**

### **4-LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN (CURSO 2007/2008)**

### **5-ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN**

5.1 Atención á diversidade

5.2 Potenciación da acción tutorial

5.3 Orientación na formación ao longo de toda a vida.

### **6-ACTUACIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS**

### **7-EXTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN**

### **8-RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN**

### **9-AVALIACIÓN DO PLAN.**

## 1-INTRODUCCIÓN

A orientación educativa enténdese como un elemento fundamental da educación que actúa sobre os elementos máis personalizadores desta e que estará presente en todo labor educativo e inherente á función docente. Establécese así unha concepción da orientación como proceso que actúa a través de tres niveis: a Titoría, o Departamento de Orientación e os Equipos de Orientación Específica. Os dous primeiros niveis actúan de forma interna ao centro e dende o terceiro asesoran e apoian de forma externa e a nivel provincial.

No desenvolvemento deste proceso de orientación atenderemos a tres principios fundamentais : Principio de prevención, Principio de Desenvolvemento e Principio de Intervención Social.

**Principio de Prevención:** a orientación será esencialmente proactiva, anticiparase á aparición de circunstancias ou situacións que podan obstaculizar o desenvolvemento dunha personalidade san e integrada capaz de expresar as súas máximas potencialidades. O énfase ponse no grupo ou comunidade, intervindo na alteración dos contextos ambientais ou dotando aos individuos das axeitadas competencias vitais para que podan afrontar con éxito as situacións de crise.

**Principio de Desenvolvemento:** a orientación é un proceso continuo dirixido ao desenvolvemento integral dunha persoa.

**Principio de Intervención Social:** a acción orientadora realízase en e sobre un contexto dado para posibilitar ao orientado o coñecemento das variables contextuais e a posibilidade de transformación destas.

A regulamentación do funcionamento dos departamentos de orientación na nosa comunidade autónoma ven recollida no Decreto 120/1998 do 23 de abril e na Orde do 24 de xullo de 1998 que o desenvolve. Serán pois estas as referencias legislativas directas ás que atenderemos para o desenvolvemento da nosa acción, xunto coas circulares que anualmente dicta a Consellería de Educación para unificar os criterios de actuación dos diferentes departamentos na nosa comunidade autónoma.

Dada a variedade de funcións que se lle confiren aos departamentos e a nosa intención de seguir un modelo de actuación por programas, faise preciso establecer unha Programación do Departamento que explicita a planificación e as liñas prioritarias de actuación en función das necesidades detectadas. Partiremos da programación e memoria do departamento do curso pasado (2006/2007), no análise das necesidades feito dende a incorporación do Xefe do Departamento, e no recollido no Proxecto Curricular de Centro. A estrutura da programación será a que se establece na Orde do 24 de Xullo de 1998.

## 2-XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

### 2.1-O NOSO CENTRO

Traballamos nun Instituto de Ensino Secundario ubicado en Vilalba, no que se imparten o Ensino Secundario Obrigatorio e o Bacharelato en dúas modalidades, Ciencias da Natureza e da Saúde e Humanidades e Ciencias Sociais. O centro conta na ESO con 5 liñas en primeiro, 6 liñas en segundo, 8 liñas en terceiro e 7 liñas en 4º. E no Bacharelato con 4 liñas en 1º e 3 en 2º. Fisicamente o centro componse de catro edificios (A,B,C,D) e un pavillón cuberto.

A respecto do cadro de persoal co que conta o centro diremos que somos 87 profesores e profesoras entre os cales hai tres profesores de pedagogía terapéutica e unha de Audición e Linguaxe.

## 2.2-O DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Desde a creación do Departamento de Orientación, a xefatura do departamento foi ocupada por unha mesma persoa agás no curso 2003/2004 no que á xefa do departamento concedéuselle unha licencia por estudos e foi substituída nese período por unha profesora de ensino secundario interina da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía. No curso 2004-05 o departamento bota a andar cunha nova Xefa de Departamento, funcionaria en prácticas do corpo de ensino secundario da especialidade de Psicoloxía e Pedagogía. No curso 2005/2006 e 2006/2007 o departamento está dirixido por un profesor numerario en comisión de servizos, cunha permuta provisional dun ano; e neste curso 2007/2008 este profesor citado continua, pero con destino definitivo no centro.

No actual curso contamos con tres profesores de Pedagogía Terapéutica e unha profesora de Audición e Linguaxe compartida cun centro de Primaria.

A respecto da ubicación espacial diremos que, o Departamento de Orientación sitúase na planta baixa do edificio A, no local 008, a carón de secretaría, dirección e vicedirección por un lado e polo outro da biblioteca. A profesora de Audición e Linguaxe dispón dun aula no edificio D que é empregada tamén polos profesores de Pedagogía Terapéutica, ademais de dúas aulas máis.

A composición do departamento queda constituída da seguinte forma:

Dn. Pablo Rioboo Santiago Xefe do departamento

Dn. Germán García Mera Pedagogía Terapéutica

Dna. M<sup>a</sup> Carmen Fernández López Pedagogía Terapéutica

Dna. Concepción Arias Neira Pedagogía Terapéutica

Dna. Sonia Corral Ladra Audición e Linguaxe

D. José Gabriel González Anaya Titor do ámbito científico (4ºPDC)

Dna. Irene Fraga Vigo Titora do ámbito lingüístico (3ºPDC)

As reunións do Departamento de Orientación neste IES levaranse a cabo semanalmente. Debido a cuestións organizativas o xefe do departamento reunirase os martes de 12.35 a 13.25 co profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe e os martes de 10.25 a 11.15 cos titores de cada ámbito pertencentes ao departamento.

Realizaranse reunións co profesorado do centro que conforma o departamento cando sexa necesario e, unha vez ao mes celebrárase unha reunión á que asistirán os xefes de departamento dos centros adscritos.

## 2.3- A POBOACIÓN ESCOLAR

Actualmente no centro escolarízanse 740 alumnos e alumnas, dos cales 547 cursan a Etapa de Ensino Secundario Obrigatorio , 188 o Bacharelato e 5 o Programa de Garantía Social. Unha parte importante do alumnado acude no transporte escolar e fai uso do comedor escolar durante toda a semana.

O centro acolle todo o alumnado de Vilalba e dos arredores (Muras, Xermade, Moreda....etc) Así como o alumnado procedente de Abadín que se incorpora en terceiro de ESO.

A base económica da zona é a gandeiría e a agricultura así como o sector servicios.

## 2.4 ANÁLISE DAS NECESIDADES

A meirande parte das necesidades que observamos no centro derívanse da súa idiosincrasia como “macro-centro “educativo, así como das características da poboación escolar que recibe.

As necesidades do centro desbordan as posibilidades de actuación do Departamento de Orientación coa dotación actual en canto a especialistas en psicoloxía e pedagogía.

Algunhas das necesidades detectadas e recollidas nos documentos do centro son:

- ❑ Establecer criterios para a priorización da intervención do Departamento nas demandas xurdidas durante o curso.
- ❑ Fomentar o traballo en equipo do profesorado e dinamizar as diferentes reunións facilitando a comunicación entre o equipo de profesores dun mesmo grupo e por niveis.
- ❑ Establecer unha canle de recepción tanto do alumnado como do profesorado que chega novo ao centro para facilitar a súa integración.
- ❑ Facilitar as visitas das familias ao centro co fin de achegarlles a información necesaria sobre o mundo educativo para que non lles resulte tan alleo, e establecer unha relación de colaboración na educación dos seus fillos.
- ❑ Revisar e/ou deseñar novas accións de reforzo educativo e atención á diversidade, sobre todo na etapa da ESO, por mor da desmotivación que experimenta o alumnado.

- ❑ Establecer un horario que facilite a comunicación entre os tutores e o departamento de orientación .
- ❑ Revisar a acción titorial para facer fincapé nos aspectos desta que favorezan o desenvolvemento do alumnado no seu proceso de ensino-aprendizaxe.
- ❑ Traballar dende a titoría a convivencia no centro, facendo fincapé no respecto entre iguais, evitando o acoso escolar.
- ❑ Colaborar e apoiar no desenvolvemento das medidas de atención á diversidade postas en marcha no centro.
- ❑ Levar unha planificación da atención aos centros adscritos artellando as medidas necesarias,e dentro do posible, para a atención as demandas realizadas.

### 3-OBXECTIVOS XERAIS

- Favorecer a acción orientadora do profesorado titor e do profesorado en xeral, así como a súa participación e colaboración coa xefatura de estudos e co departamento de orientación nas tarefas de orientación educativa e atención á diversidade.
- Facilitar o pleno desenvolvemento das capacidades de todo o alumnado e particularmente do necesitado de atención específica, colaborando e intervindo na oferta de respostas educativas ante as necesidades educativas especiais e logrando deseños funcionais e operativos de intervención e de avaliación psicopedagóxica nos casos do alumnado con dificultades de aprendizaxe.



- Orientar ao alumnado e ás súas familias no proceso de toma de decisións académicas e/ou profesionais de acordo coas súas posibilidades, facilitando información dos diferentes itinerarios formativos ou laborais.
- Deseñar actuacións funcionais de detección e recuperación de problemas de aprendizaxe nas que se impliquen as familias e o profesorado, elaborar programas de desenvolvemento de capacidades básicas adaptadas individualmente e colaborar na realización das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular.
- Contribuír á mellora da calidade da educación asesorando nos aspectos psicopedagóxicos aos diferentes membros da comunidade educativa e ás familias do alumnado.

#### 4-LIÑAS PRIORITARIAS DE ACTUACIÓN (2007/2008)

Baseándonos nas liñas de actuación que veñen marcadas pola circular 17/2006, que siguen vixentes neste curso, e na análise das necesidades feita no noso centro marcaremos os seguintes obxectivos específicos para o vindeiro curso atendendo aos seguintes niveis de actuación: o centro, o profesorado, o alumnado e a familia.

##### **A nivel do centro:**

- ❑ Colaborar e asesorar á CCP na revisión dos distintos documentos que integran o PEC para unha mellor resposta á diversidade, promovendo valores educativos como a tolerancia e o respecto pola diferenza.

- ❑ Asesorar na CCP para o establecemento e/ou mellora de medidas de reforzo educativo e de atención á diversidade que podan mellorar o rendemento do alumnado.
- ❑ Colaborar co equipo directivo na proposta dun plan de acollida do profesorado e alumnado do centro
- ❑ Promover a realización de actividades de orientación e información profesional na que participen axentes externos fundamentalmente co alumnado que remata a E.S.O.
- ❑ Colaborar con outras institucións e axentes externos ao centro cando sexa necesario.
- ❑ Asesorar na elaboración, seguimento e avaliación do plan de mellora da convivencia.
- ❑ Fomenta-la utilización das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

**A nivel do profesorado:**

- ❑ Asesorar os departamentos didácticos para unha mellor coordinación das ensinanzas de cada curso.
- ❑ Asesorar a titores e profesorado en xeral sobre as medidas de atención á diversidade.
- ❑ Apoiar aos titores no seu labor, asesorando e proporcionando o material preciso para o seguimento individualizado do proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado.
- ❑ Colaborar na realización da avaliación inicial do alumnado de primeiro de E.S.O. e do alumnado de nova incorporación.

**A nivel de alumnado:**

- ❑ Realizar as avaliacións psicopedagóxicas nos casos que se requira..
- ❑ Axudar á integración no grupo e no centro do alumnado recién chegado, nomeadamente do que se incorpora en terceiro da E.S.O. procedente do concello de Abadín.
- ❑ Diseñar accións encamiñadas a desenvolver os hábitos de traballo, a motivación cara ao estudo .
- ❑ Contribuír á mellora do clima de convivencia nas aulas entre o alumnado, detectado e actuando sobre os posibles casos de acoso escolar.
- ❑ Contribuír para o desenvolvemento pleno das súas capacidades e da súa personalidade, tendo especialmente en conta a etapa evolutiva na que se atopa o alumnado da ESO.
- ❑ Revisar e/ou modifica-las medidas de apoio que está a recibir o alumnado con dificultades de aprendizaxe e/ou integración.

**A nivel de familias:**

- ❑ Diseñar accións para facilitar o achegamento das familias ao centro educativo.
- ❑ Asesorar e dar información sobre o desenvolvemento dos seus fillos na escola.
- ❑ Establecer canles de comunicación efectiva que repercutan positivamente no desenvolvemento do alumnado.

- ❑ Colaborar e dar información sobre os momentos críticos de desenvolvemento dos seus fillos e especialmente ao remataren a educación secundaria obrigatoria.

## 5- ÁMBITOS DE INTERVENCIÓN

Para acadar os obxectivos marcados nas nosas liñas prioritarias de actuación e camiñar cara a consecución dos obxectivos xerais da orientación no noso centro propoñemos tres ámbitos de actuación: a atención á diversidade, a potenciación da acción tutorial, e a formación ao longo de toda a vida, interrelacionados e formando parte do mesmo sistema. En cada un deles, e tratando de seguir un modelo de programas, marcaremos os obxectivos específicos en función das necesidades observadas, as actividades, os recursos e temporalización e a avaliación. Teremos en conta que os tres ámbitos perseguen un mesmo obxectivo xeral que comparten coa Educación, así pois o funcionamento do programado para un ámbito estará influíndo probablemente na marcha do programado noutro ámbito e haberá necesidades compartidas polos tres ámbitos. Por outra banda, consideramos que esta forma de intervención facilita e estrutura a nosa acción, evitando que a variedade de funcións que se lle asigna ao Departamento caian na inoperancia por falta de planificación. A seguir desenvolvemos o programado para os devanditos ámbitos:

### 5-1-ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Entendemos que a atención á diversidade debe facerse desde todos os ámbitos do sistema educativo: desde o PEC, desde o propio currículo e polo tanto desde o

PCC e as Programacións de aula, desde as actividades propostas para o desenvolvemento destas así como desde medidas mais específicas que deseñemos para dar resposta ás necesidades máis singulares.

Teremos en conta que canto mellor recollidas estean as respostas educativas nos documentos máis xerais e na vida do centro, menos significativas serán as medidas específicas que debamos poñer en práctica co noso alumnado.

Na nosa comunidade autónoma os principios aquí sinalados veñen recollidos no Decreto 320/1996 e na recente Orde que o desenvolve do 27 de Decembro de 2002 sobre escolarización de alumnado con Necesidades Educativas Especiais.

#### 5.1.1. ÁNALISE DAS NECESIDADES

Despois de revisar os documentos do centro (PEC e PCC) e de recoller as conclusións das memorias das profesoras de pedagogía terapéutica así como do curso anterior observamos as seguintes necesidades:

É preciso facer unha revisión das medidas de atención á diversidade que funcionan no centro. A valoración do funcionamento do PDC é ata o momento positiva. Existen no curso actual tres PDC de dous anos (3º e 4º) , outro de un ano e contamos ademais para os cursos de 2º e 3º con agrupamentos específicos en Lingua Castelá, Lingua Galega e Matemáticas. Existen varias adaptacións curriculares, xa en marcha no momento de realizar esta programación. Este ano ponse en marcha de novo un Programa de Garantía Social da modalidade B.

É preciso establecer unhas pautas para a detección e solicitude de intervención do departamento por parte do profesorado. Tamén se considera necesario facer un recordatorio do uso das medidas de Reforzo Educativo e Adaptación Curricular.

O profesorado advirte un grande desinterese polo estudo na etapa de secundaria, e algúns problemas de convivencia nas aulas , parece que esta actitude está relacionada coa pouca importancia que desde a familia se lle dá ao éxito escolar, ademais de outros factores como a falta de hábito e de método de traballo autónomo.

### 5.1.2-OBXECTIVOS

- Procurar que dende a CCP se traballe sobre as medidas de atención á diversidade que respondan ás necesidades e características do noso alumnado.
- Intentar que as medidas máis extraordinarias de atención á diversidade non vaian en contra do principio de normalización e integración escolar.
- Dinamizar e coordinar as accións levadas a cabo polo profesorado e polo profesorado de apoio.
- Realizar as avaliacións psicopedagógicas nos casos que sexa preciso.
- Colaborar con outros axentes que podan facilitar ou aportar información para unha mellor resposta á diversidade.

### 5.1.3 ACTIVIDADES

#### 1º TRIMESTRE

- Colaborar co profesorado do noso centro na recollida e análise de datos na avaliación inicial do alumnado de primeiro de ESO e co profesorado que

reciba alumnado novo no centro para a recollida de datos da avaliación inicial.

- Artellar algunha medida de atención á diversidade que de resposta as necesidades do alumnado procedente do estranxeiro.
- Proporcionar material ao profesorado para a recollida de información sobre o alumnado co fin de coñecer o seu punto de partida.
- Dinamizar a sesión de avaliación inicial do primeiro curso de secundaria, axudando á xefatura de estudos a establecer un calendario e unhas pautas de desenvolvemento da sesión axeitadas.
- Establecer un período de reunión quincenal co profesorado do PDC e dos Agrupamentos Específicos para axudar a facer un seguimento polo miúdo da evolución do grupo.
- Realizar a revisión, ampliación e /ou modificación das Adaptacións Curriculares que sexa preciso.
- Establecer en coordinación coas profesoras de PT e o profesorado do alumnado que precise algún tipo de reforzo, os horarios de apoio na aula que sexan precisos, e no seu caso, os de atención individualizada fóra da aula.
- Propoñer e desenvolver un Programa de acollida do profesorado e alumnado en colaboración coa dirección do centro. (Durante todo o curso)
- Asistir e asesorar na realización da primeira avaliación, .
- Coordinar e dinamizar a participación nun Programa de Prevención de Violencia de Xénero como medida de atención á diversidade.

## 2º TRIMESTRE

- Analizar nas reunións de departamento de orientación os datos recollidos na primeira avaliación e tomar as medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo–clase nos casos que sexa mester.
- Asesorar á CCP sobre o desenvolvemento das medidas de atención á diversidade que se están a levar no noso centro.
- Facer o seguimento das ACI.
- Facer o seguimento do alumnado que sexa obxecto de reforzo educativo en colaboración coas profesoras de Pedagogía Terapéutica.
- Proporcionar o material e a información necesarios ao profesorado para unha mellor resposta ás necesidades do alumnado.
- Proporcionar información específica e pautas de desenvolvemento no fogar ás familias naqueles casos que sexa necesario.
- Facer o seguimento do alumnado de PDC, en coordinación cos profesores-titores
- Asistir e asesorar na realización da segunda avaliación.

## 3º TRIMESTRE

- Analizar nas reunións de departamento de orientación os datos recollidos na segunda avaliación e tomar as medidas necesarias para a mellora da marcha de cada grupo–clase nos casos que sexa preciso.
- Trasladar á CCP o debate sobre como se van levar a cabo as probas extraordinarias de setembro na etapa de educación secundaria obrigatoria, dinamizar o establecemento duns criterios de valoración.



- Realizar a avaliación xeral das medidas de atención á diversidade postas en marcha no centro e elevar á CCP as conclusións para a reflexión e posibles modificacións.
- Asistir ás avaliacións do terceiro trimestre, asesorando sobre todo o relativo a promoción e a criterios de avaliación.
- Realizar e analizar as conclusións da avaliación da nosa actuación como departamento de orientación na atención á diversidade do centro.
- Colaborar na realización do informe individualizado do alumnado.
- Colaborar na proposta de alumnado para un posible PDC para o vindeiro curso e/ ou para outras medidas de reforzo educativo que se poñan en marcha.

#### 5.1.4 METODOLOXÍA

Para levar adiante estas accións contaremos coa realización, sempre que sexa posible, de apoios dentro da aula feitos polas profesoras de Pedagogía Terapéutica. Para isto dinamizaremos, a través das reunións pertinentes, a coordinación entre o profesorado de aula e o profesorado especialista en pedagogía terapéutica.

Reunión semanal de coordinación coa xefa de estudos do centro.

Estableceremos unha hora de reunión coas tres profesoras de pedagogía terapéutica e a profesora de Audición e Linguaxe para o seguimento e coordinación das medidas de reforzo educativo.

Empregaremos o diálogo e a observación para analizar as situacións do centro que podan ser obxecto de cambio para unha mellor atención á diversidade e

traballaremos con protocolos de información clara para facer chegar as diferentes propostas e medidas existentes sobre o tema ao profesorado. Esta acción farémola apoiándonos nas reunións prescriptivas do departamento e a través da CCP.

#### 5.1.5 RECURSOS

Recursos persoais: Na atención á diversidade estaremos implicados todos os integrantes do equipo educativo. Para o desenvolvemento destas actuacións estarao máis directamente o profesorado de aula con nenos con dificultades de aprendizaxe e as profesoras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

Recursos materiais: Ademais dos protocolos e materiais elaborados no departamento empregaremos bibliografía existente no departamento.

#### 5.1.6 AVALIACIÓN

Teremos en conta os tres momentos da avaliación como proceso: inicial, procesual e final. E a través das opinións dadas nas diferentes xuntanzas no centro, do recollido nas reunións do departamento, da valoración do avance dos nenos e nenas obxectos dalgunha medida de atención á diversidade e en xeral do recollido nas avaliacións de cada acción que poñamos en práctica, faremos unha valoración e tomaremos as decisións pertinentes para axustar a nosa acción ás necesidades que xurdan.

## 5.2 POTENCIACIÓN DA ACCIÓN TITORIAL

A acción Titorial pódese definir como o conxunto de accións educativas que se deseñan nun centro para favorecer no alumnado a aprendizaxe, a integración dos coñecementos, a socialización, a toma de decisións e o desenvolvemento da súa personalidade.

No regulamento orgánico dos IES (D324/1996) veñen recollidas as funcións e a designación do profesorado que desenvolverá as tarefas de coordinación da titoría. Así, cada grupo de alumnos e alumnas terá un titor/a, que será designado polo Director, por proposta da Xefatura de Estudos, oída o Xefe do Departamento de Orientación, de entre o profesorado que imparta docencia a todo o grupo, procurando que recaia no que maior número de horas de docencia teña co devandito grupo.

As circulares anuais que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria emite para unificar as accións dos departamentos de orientación en Galicia, e fundamentalmente a **circular 5/1999** e a **10/2000** establecen como funcións prioritarias a de potenciar o plan de acción titorial mediante a posta en marcha de liñas de intervención para a atención á diversidade, técnicas de traballo intelectual para mellorar a comprensión lectora, accións que favorezan o clima social e programas de orientación académico-profesional.

É así que desde o departamento de Orientación impulsaremos e trataremos de coordinar e apoiar a acción titorial, axudando a deseñar, desenvolver e avaliar o Plan de Acción Titorial, que realizaremos en colaboración cos titores, baixo as directrices da CCP e a supervisión da Xefatura de Estudos. Debemos ter en conta as características específicas de cada etapa, tanto do alumnado como das

cuestións organizativas. Desde o equipo directivo facilitarán no horario do profesorado encargado das titorías as reunións co departamento de orientación para posibilitar a coordinación e a implementación sistemática do Plan de Acción Titorial, tal e como recollen as diferentes circulares emitidas pola Consellería de Educación.

#### 5.2.1-ANÁLISE DAS NECESIDADES

Tras consultar a memoria do departamento e a avaliación do plan de acción titorial seguido o pasado curso detectamos as seguintes necesidades:

É preciso establecer reunións cos titores/as da Etapa de ESO. Deberíase intentar manter unha relación máis fluída e de colaboración coas familias .

Establecer tamén unha liña de acción titorial clara e traballar para o uso do caderno de titoría por todo o profesorado titor/a.

Atender as necesidades de desenvolvemento persoal do alumnado, así como coidar das súas capacidades. Facendo fincapé no desenvolvemento dunha autoestima axeitada.

#### 5.2.2 OBXECTIVOS

##### A RESPECTO DO ALUMNADO

Facilitar a integración do alumnado no centro.

Fomentar a tolerancia e as normas de convivencia no alumnado co fin de formar a cidadáns responsables, autónomos e participativos

Contribuír ao desenvolvemento da personalidade do alumnado.

Optimizar o proceso de ensino-aprendizaxe axustando a resposta educativa ás necesidades do alumnado

## A RESPECTO DO PROFESORADO

Establecer canles de comunicación para a coordinación docente.

Implicar ao profesorado na función tutorial.

Asesorar ao profesorado para que poda desenvolver axeitadamente a función tutorial.

Fomentar a coordinación do profesorado co Departamento de Orientación para desenvolver a acción tutorial.

Colaborar co profesorado no deseño de actividades encamiñadas ao afianzamento de hábitos de traballo favorecedores do desenvolvemento das capacidades do alumno/a.

Colaborar co profesorado no deseño e desenvolvemento de habilidades de traballo autónomo.

## A RESPECTO DA FAMILIA

Favorecer a colaboración centro-familia.

Colaborar coas familias de alumnado que teñan dificultades académicas ou persoais.

Implicar á familia no proceso educativo do alumno.

### 5.2.3 ACTIVIDADES

#### **A nivel de centro:**

Axustar o Plan de Acción Tutorial ao presente curso, en colaboración co profesorado titor/a.

Dinamizar e apoiar dende o departamento a posta en práctica e a avaliación do referido plan.

**A nivel de profesorado:**

Reunións para o asesoramento e entrega de material para o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial.

Recollida de información e axuda para realizar o seguimento do alumnado do grupo e especialmente de aquel que precise de atencións específicas.

Apoio e asesoramento para a posta en práctica dun Programa de prevención de Drogodependencias para 3º e 4º de ESO

Apoio, asesoramento e participación para o deseño e posta en práctica dun Programa de habilidades e técnicas de estudo para o primeiro e segundo cursos de ESO.

Apoio, asesoramento e participación no Programa de habilidades sociais para o terceiro curso de ESO.

**A nivel de familias:**

Colaboraremos e participaremos na posta en marcha de reunións para dar información ás familias sobre a marcha do curso ou outros temas de interese.

Elaboraremos materiais de apoio e información para as familias sobre o desenvolvemento dos seus fillos e a estrutura do sistema educativo.

Fomentaremos nestas reunións o tratamento de temas de interese para a educación dos rapaces e rapazas e procuraremos crear un clima de cooperación centro-familia.

### **A nivel de alumnado:**

Desde o Departamento dinamizaremos todo o referente ás actividades que o profesorado poña en práctica no seu grupo-aula, asistindo a algunha sesión cando así o recolla o Plan de Acción Titorial ou cando for preciso.

No devandito documento sobre a acción titorial recollerase con detalle o programado para cada ciclo ou curso, pero faremos aquí un bosquexo do que serán as actividades que se levarán a cabo en cada nivel.

## **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

### **PRIMEIRO**

#### **1º TRIMESTRE**

1. Cuestionario de datos persoais do alumnado recollidos polo titor/a.
2. Coñecemento das normas de convivencia do centro, (RRI).
3. Actividades para a elección de delegado.
4. Negociación e elaboración das normas de convivencia na aula.
5. Coñecemento da estrutura xeral da ESO.
6. Participación no Programa de Prevención das Drogodependencias “CINENSINO” en colaboración co Concello.(Durante todo o curso)
7. Actividades do Programa de Técnicas de Estudio.
8. Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
8. Avaliación do trimestre

## 2ºTRIMESTRE

- 1.Actividades de cohesión grupal con dinámicas de grupo.
- 2.Actividades do Programa de Técnicas de Estudio.
- 3.Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
- 4.Participación no Programa de Prevención das Drogodependencias

"CINENSINO" en colaboración co Concello.(Durante todo o curso)

- 5.Avaliación do trimestre.

## 3º TRIMESTRE

- 1.Actividades de tratamento dalgún tema social de actualidade.
- 2.Actividades do Programa de Técnicas de Estudio.
3. Información e asesoramento sobre o segundo curso.
4. Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
5. Avaliación do trimestre e información sobre as probas extraordinarias.

## 2º CURSO

### 1º TRIMESTRE

1. Cuestionario de datos persoais do alumnado recollidos polo titor/a.
2. Coñecemento das normas de convivencia do centro, (RRI).
3. Actividades para a elección de delegado.
4. Negociación e elaboración das normas de convivencia na aula.
5. Participación no Programa de Prevención das Drogodependencias  
"CINENSINO" en colaboración co Concello.(Durante todo o curso)
6. Inicio das actividades do Programa de Técnicas de Estudio.
7. Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
8. Avaliación do trimestre



## 2º TRIMESTRE

- 1.Actividades de cohesión grupal con dinámicas de grupo.
- 2.Actividades do Programa de Técnicas de Estudio.
- 3.Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
- 4.Avaliación do trimestre.

## 3ºTRIMESTRE

- 1.Actividades de tratamento dalgún tema social de actualidade.
- 2.Actividades do Programa de Técnicas de Estudio.
3. Información e asesoramento sobre o terceiro e cuarto curso.
4. Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
5. Avaliación do trimestre e información sobre as probas extraordinarias.

## 3º CURSO

### 1º TRIMESTRE

1. Actividades de benvinda e recollida de datos persoais do alumnado.
2. Coñecemento do grupo e do profesorado.
3. Traballo cos dereitos e deberes dos estudantes e co RRI.
4. Actividades para a elección do delegado.
5. Actividades de negociación e coñecemento das normas da aula.
6. Participación no programa da Cruz Vermella de Educación para a saúde.
7. Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
8. Avaliación do trimestre.

### 2ºTRIMESTRE

1. Actividades para mellorar a atención e a comprensión lectora.

2. Participación no programa de Hábitos de Vida Saludables da Xunta de Galicia e en colaboración cos Servizos Sociais do Concello.
3. Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
4. Avaliación do trimestre.

### 3º TRIMESTRE

1. Actividades de traballo cooperativo sobre algún tema de interese social.
2. Participación no programa de Hábitos de Vida Saludables da Xunta de Galicia e en colaboración cos Servizos Sociais do Concello
3. Información sobre o vindeiro curso e o título de graduado en ESO.
4. Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
5. Avaliación do trimestre e información sobre as probas extraordinarias.

### 4ºCURSO

#### 1ºTRIMESTRE

1. Actividades de benvinda e recollida de datos persoais do alumnado.
2. Coñecemento do grupo e do profesorado e do curso.
3. Traballo cos dereitos e deberes dos estudantes e co RRI.
4. Actividades para a elección de delegado.
5. Actividades de negociación e coñecemento das normas da aula.
6. Inicio das actividades do Programa de Orientación Académica e profesional.
7. Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.
8. Avaliación do trimestre

## 2º TRIMESTRE

Actividades para a mellora das técnicas de estudio.

Continuación das actividades do Programa de Orientación Académica e Profesional.

Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre.

Avaliación do trimestre.

## 3ºTRIMESTRE

Actividades do Programa de Orientación Académica e Profesional.

Actividades de pre-avaliación e reflexión sobre o trimestre e sobre a etapa.

Información sobre o consello orientador e as probas extraordinarias de setembro.

Actividades de avaliación do trimestre.

## PROGRAMAS DE DIVERSIFICACIÓN CURRICULAR

As actividades de tutoría previstas para os programas de diversificación curricular coincidirán na súa meirande parte coas dos seus cursos de referencia , si ben nas reunións que con carácter quincenal o profesorado destes grupos teremos no departamento de orientación, adaptaremos as actividades ás características do alumnado .

### 5.2.5 METODOLOXÍA

O Departamento de Orientación reservará no seu tempo de lecer o horario para reunirse cos titores/as da etapa de secundaria por niveis para facer o seguimento do funcionamento do grupo e proporcionar o material preciso para o desenvolvemento das actividades.

Especificaremos no noso horario o período de tempo para a atención a nais e pais.

Combinaremos o asesoramento, como forma de orientación indirecta, coa atención individualizada nos casos que sexa preciso, establecendo no horario o tempo adicado á atención do alumnado.

### 5.2.6 RECURSOS

Recursos persoais:

Implicación de todo o profesorado e en especial dos axentes da acción tutorial (CCP, Xefatura de Estudos, profesorado titor, departamento de orientación, )Outros axentes externos ao centro que participarán nas distintas actividades que se establezan no PAT.

Recursos materiais:

Ademais dos documentos elaborados polo departamento de orientación e os titores empregaremos a bibliografía existente no Departamento de Orientación.

### 5.2.7 AVALIACIÓN

Incluiremos en cada trimestre unha sesión de avaliación da tutoría na que recolleremos a opinión do alumnado e do profesorado encargado de levar a cabo directamente a acción tutorial. Farémolo a través de cuestionarios sinxelos, da observación e da recollida de información nas reunións cos titores.

Analizaremos tamén a satisfacción dos titores coas reunións semanais no departamento e o grao de satisfacción das familias coas reunións que levemos a cabo.

### 5.3 Orientación na formación ao longo da vida.

Entendemos a orientación, na súa vertente máis académica e profesional, como un proceso de axuda de tipo grupal e comunitario que contempla ademais as axudas de tipo individualizado que pudesen ser necesarias. Trátase dunha orientación que abrangue todas aquelas dimensións que poden contribuír á realización persoal, educativa, vocacional e laboral das persoas. Todo este proceso contribúe a desenvolver a madurez vocacional do alumnado preparándoos non só para a vida laboral senón para a vida adulta en xeral.

Desde esta acción orientadora asúmense os principios de prevención, desenvolvemento e intervención social e considérase como unha acción que se integrará no proceso educativo a través das áreas curriculares. Así mesmo teranse en conta os momentos evolutivos críticos do alumnado no que as intervencións se farán de forma máis puntual e a través de programas que traballen os diferentes aspectos relacionados coa toma de decisións e a inserción

no mundo laboral, facendo partícipes destes programas a outras entidades e axentes externos ao centro educativo máis relacionados co mundo laboral.

A lexislación actual de orientación ( xa mencionada anteriormente) establece coma actuacións do departamento de orientación accións encamiñadas á información sobre itinerarios académico-profesionais e apoio ao alumnado nos momentos críticos, fundamentalmente no fin de etapas educativas e fin da escolarización obrigatoria.

### 5.3.1- ANÁLISE DAS NECESIDADES

Tras a revisión dos diferentes documentos do centro e das conclusións extraídas da avaliación do Plan de Orientación Vocacional levado a cabo o pasado curso e tendo en conta que no noso centro impartimos a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato, as necesidades que observamos en canto ao ámbito da orientación vocacional son as seguintes:

- ❑ Na etapa de secundaria obrigatoria, ademais do relativo á información sobre a optatividade de cada curso, é preciso actuar sobre o proceso de toma de decisións e o coñecemento da oferta educativa e laboral da zona. Neste proceso de descubrimento das propias posibilidades e das que ofrece o entorno é necesario facer partícipes ás familias como axentes socializadores que inflúen directamente nas decisións dos seus fillos.
- ❑ É preciso establecer canles de comunicación co outro IES da zona e outras empresas de interese para o noso alumnado.

Despois da análise de necesidades realizada propoñemos os seguintes obxectivos:

### 5.3.2-OBXECTIVOS E ACTIVIDADES

.

#### **EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA**

As actividades específicas sobre a orientación profesional e a toma de decisións levaranse a cabo na súa maior parte a través das titorías, así como en sesión específicas de información ás familias que se determinarán ao longo do curso e que probablemente se desenvolvan no terceiro trimestre.

Para o alumnado de cuarto de ESO farase un programa específico de orientación académico-profesional.

#### **B.1 OBXECTIVOS**

##### **A respecto do profesorado:**

Proporcionar apoio e asesoramento ao profesorado para poñer en relación os contidos das súas áreas co entorno social e laboral.

Asesorar e apoiar ao profesorado titor para o traballo das habilidades básicas para a toma de decisións.

Colaborar para o deseño e posta en marcha do consello orientador.

Dar a coñecer os recursos cos que conta o Departamento para a orientación académico-profesional , así como os recursos existentes na rede.

Coordinar as accións que se leven a cabo neste ámbito.

##### **A respecto das familias:**

Proporcionar a información e o asesoramento precisos sobre o sistema educativo e as saídas profesionais.

Favorecer a relación centro –familias implicándoas no proceso orientador.

**A respecto do alumnado:**

Favorecer o autocoñecemento como punto de partida para unha toma de decisións axeitada.

Favorecer a toma de decisións nos momentos críticos do seu desenvolvemento.

Proporcionar a información clara e precisa para facilitar a toma de decisións.

Favorecer o desenvolvemento da súa madurez vocacional.

Facilitar os recursos e estratexias pertinentes para a busca de información sobre as diferentes saídas profesionais.

Achegar ao centro as opcións que o entorno ofrece.

**B.2 ACTIVIDADES**

**1º E 2º DE ESO**

Actividades relacionadas con:

Autocoñecemento. (Habilidades, intereses, ¿Como eu son?, ¿Como me ven?...)

Coñecer a estrutura da E.S.O., características do curso, criterios de avaliación e promoción.

Charla informativa a cargo do Xefe do departamento de orientación sobre a optatividade do vindeiro curso e unha aproximación ás saídas que hai despois da ESO. ( 3º Trimestre)

**3º DE ESO**

Actividades relacionadas con:

Autocoñecemento. (Habilidades, intereses, ¿como eu son?, ¿como me ven?...)

Coñecemento da estrutura do ciclo que están a cursar.



Proceso de toma de decisións.

Posibles saídas para o alumnado que non obteña o título de secundaria .

- o Probas de acceso aos ciclos formativos.
- o Características dos programas de garantía social.
- o Formación profesional de grao medio.
- o Escolas obradoiro.
- o Formación ocupacional.
- o INEM e Servizo Galego de Colocación

#### **4º CURSO**

Desenvolvemento do Programa de Orientación Académica e Profesional.

#### **BACHARELATO**

##### **OBXECTIVOS**

Achegar ó alumnado a información relativa ó mundo laboral e formativo.

Dar información sobre a oferta de estudos universitaria e de Ciclos formativos de Grao Superior.

Responder as demandas específicas sobre orientación académico – profesional.

##### **ACTIVIDADES**

Realizaranse ao longo do curso charlas informativas para o alumnado de 2º de BAC sobre o mundo laboral , universitario e da Formación Profesional Específica.

A través das titorías se lles fará chegar información sobre as posibles saídas ó remate do bacharelato.

#### 5.3.4 METODOLOXÍA

Trataremos de traballar, coa implicación de toda a comunidade educativa, con aprendizaxes funcionais e significativos que o alumnado poda poñer en práctica ao longo da súa vida. Traballaremos con situacións de aprendizaxe activa onde o alumnado sexa o protagonista da súa propia aprendizaxe.

Empregaremos o tempo fixado para as reunións de departamento, o tempo de reunións cos titores/as, e as xuntanzas da CCP para dinamizar estas cuestións, coordinar, facer o seguimento e aportar materiais para o desenvolvemento das actividades sinaladas.

Traballaremos tamén coordinándonos e colaborando con outros axentes da zona (outros centros educativos e outras empresas) e co Equipo de Orientación Específica.

#### 5.3.5 RECURSOS

Recursos persoais:

Profesorado do terceiro ciclo de primaria, Profesorado titor de ESO, Xefatura de Estudos, Departamento de Orientación.

Axentes externos ao centro: profesorado dos IES da zona, técnicos laborais do concello, orientadores do Servizo Galego de Colocación.

#### 5.3.5 AVALIACIÓN

Mediante cuestionarios, observación e recollida de información nas reunións avaliaremos tanto as necesidades presentadas como o proceso de aplicación das actividades e a súa pertinencia para acadar os obxectivos. Tentaremos saber o

grao de satisfacción que amosa o alumnado coa información dada e o desenvolvemento de cada unha das actividades que se programaron.

## 6-ACTUACIÓNS COS CENTROS ADSCRITOS

Segundo comunicación do Delegado Provincial de data 26 de setembro de 2005, a partir de este curso o Departamento de Orientación deste centro **non terá ningún outro centro adscrito** polo que estará dedicado, a tempo total, as funcións que lle son propias dentro do propio Instituto.

A nivel de zona intégranse no Departamento de Orientación as seguintes persoas:

Orientadora do CEIP Mato Vizoso: Sonia Basanta Montenegro.  
Orientador do CEIP Insua Bermúdez: Ceferino Lamas Pérez.

## 7-EXTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN

A tendencia do departamento será a de desenvolver un modelo psicopedagóxico de intervención. O devandito modelo lévanos a actuar, sobretudo, de forma indirecta, grupal, interna, proactiva e por programas.

A acción orientadora será principalmente indirecta potenciando a acción directa a través de mediadores e nomeadamente a través da potenciación da acción tutorial. Aínda que a intervención é prioritariamente grupal terase en conta a necesidade da atención individualizada nos casos que o requiran.

A orientación será interna en canto que o seu desenvolvemento se fará polo profesorado do centro. En casos puntuais será precisa a intervención de servizos externos como pode ser o EOE e de persoas de outras entidades que participen no labor de establecer unha conexión entre a escola e o seu entorno.

Finalmente diremos que tentamos establecer intervencións de carácter preventivo, adiantándonos ás posibles dificultades que podan atoparse e dotándoas de recursos para afrontalas.

No modelo que propoñemos é necesaria a colaboración de toda a comunidade educativa.

## 8-RECURSOS E TEMPORALIZACIÓN

Os recursos persoais e materiais empregados serán en xeral os sinalados para cada ámbito de intervención e para cada programa que se desenvolve dentro destes.

A temporalización virá enmarcada en cada trimestre e coincidirá coa sinalada para cada ámbito e programa de intervención.

## 9-AVALIACIÓN DO PLAN

Consideramos a avaliación coma parte inherente a toda acción pedagóxica. É por iso que estableceremos técnicas e criterios de avaliación para cada unha das accións que levemos a cabo desde o Departamento de Orientación. Así para a

avaliación desta programación teremos en conta tres momentos no proceso de avaliar:

**AVALIACIÓN INICIAL:** é a que nos permite saber cal é a situación de partida e as necesidades do contexto, para a partir de aí establecer un plan de acción.

**AVALIACIÓN FORMATIVA:** fornecéranos información sobre a marcha e aplicación do plan que nos axudará a incluír novas metas ou realizar as modificacións oportunas.

**AVALIACIÓN SUMATIVA:** determinará os resultados acadados ao remate do proceso. A finalidade é medir a funcionalidade ou aplicabilidade dun programa ou plan no seu contexto.

Os criterios que estableceremos tentarán responder ao seguinte: ¿é eficaz?, é útil?, ¿é posible?, ¿é pertinente?. Algúns destes criterios serán:

Grao de consecución dos obxectivos fixados en cada un dos tres ámbitos de intervención.

Grao de consecución dos obxectivos xerais.

Grao de consecución dos obxectivos marcados como liñas prioritarias de actuación.

Consonancia entre as actividades propostas e os obxectivos marcados.

Grao de implicación da comunidade educativa nas tarefas de orientación.

Grao de satisfacción do profesorado, o alumnado e as familias co traballo do departamento de orientación.

Recursos para a avaliación:

Empregaremos cuestionarios para a recollida de datos sobre algunhas das actividades, pero sobretudo recolleremos as opinións dos membros do departamento nas reunións e da CCP.

Pablo Riobo Santiago

Germán García Mera

Xefe do Departamento de Orientación

Profesor de Pedagogía Terapéutica

M<sup>a</sup> Carmen Fernández López

M<sup>a</sup> Concepción Arias Neira

Profesora de Pedagogía Terapéutica

Profesora de Pedagogía Terapéutica

Sonia Corral Ladra

Profesora de Audición e Linguaxe

Irene Fraga Vigo.

J. Gabriel González Anaya.

Titira do ámbito Lingüístico-soc.

Titor do ámbito científico-tecn.

